

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 20 de novembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación de almacenamento e distribución de bebidas e de licenza de obras para ampliación de nave con licenza número 869/83, sita en rúa dos Canteiros, parcelas 69-70.

Tamén se acorda a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dun taller de carpintería metálica na rúa das Leiteiras, Parque Empresarial IN-F, rueiro H, parcela 17.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a modificación da licenza 721/06, consistente no cambio da distribución interior en todas as plantas do edificio, comunicación da planta soto e planta baixa co inmovible lindeiro con fronte á avenida da Coruña, números 10, 12 e 14, e redistribución das prazas de garaxe obrigatorias, sendo a localización da obra na rúa Serra dos Ancares, número 19; para a legalización de planta semisoto e ampliación de planta alta na nave con licenzas 533/90, 134/91, 141/00 e 872/13 para almacén, sita en solo urbano, na avenida Benigno Rivera, número 12; para o cambio de uso de seis locais de oficina situados no 1º A, 1º B, 2º A, 2º B, 3º A e 3º B, para seis vivendas no edificio con licenzas números 391/07 e 265/09, sito en solo urbano na rúa mar Cantábrico, número 42; para reforzo de estrutura consistente en substitución de forxado entre planta baixa e planta primeira no edificio existente sito en solo urbano, na rúa Río Lor, número 41; para división de planta baixa en dous locais comerciais: local a de 972,55 m² e local b de 109,80 m² e adecuación de local a en planta baixa para club privado de pádel, no edificio con licenza número

| | | | |
|--|--|--------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 02/12/2013 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | PÁGINA | 1/3 |
|  eVgUoeFKCiXDTM+8/xWlug== | | | |

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg59

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-11-2013

247/87, sito en solo urbano na rúa camiño real, número 163; para apertura de ocos e colocación de porta na fachada da planta baixa do edificio con licenza número 674/92, sito na rúa Pintor Pacios, número 26; para a instalación dun tótem publicitario, sito en solo urbano na rúa da Industria, e rúa da Agricultura, parcela 111-112, subparcela P1; para a instalación de ascensor, mellora das condicións de accesibilidade, obras varias en todo o edificio con licenza 793/80, sito en solo urbano na avenida de Madrid, número 20; para obras de consolidación estrutural e restauración do lenzo exterior do cubo Xlli da muralla romana de Lugo e para reelaboración de ocos na fachada posterior e instalación de reixas nos rótulos encaixados nos ocos da fachada, edificio sito en solo urbano na rúa da Raiña, números 7-9.


3. DISCIPLINA URBANÍSTICA.- Acórdase a resolución dos expedientes: de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 27/11, feita con data do 12 de decembro de 2011, das construcións sitas no lugar de reboreda, número 16, da parroquia de San Pedro de Soñar, e compostas de edificación residencial, composta de planta semisoto, planta baixa e piso así como unha edificación de planta baixa con uso garaxe almacén de planta baixa e unha piscina; de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 25/12, feita con data do 24 de febreiro de 2012, do inmovible sito na rúa río Eume, número 51, composto de planta baixa, planta piso e baixo cuberta con uso principal residencial; de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 42/12, feita con data do 20 de marzo de 2012, das construcións sitas en Recimil-parroquia de San Lourenzo, e compostas de edificación de planta baixa con uso principal residencial e dous inmobles de planta baixa adicado a garaxe almacén; de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 89/12, feita con data do 17 de abril de 2012, das construcións sitas no camiño das regas nunha zona coñecida como mesón do galo da parroquia de San Lázaro da Ponte, consistentes en edificación principal composta de planta baixa e planta piso con uso residencial, así como outras dúas edificacións auxiliares de planta baixa con uso almacén estacionamento e de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 130/12, feita con data do 19 de abril de 2012, das construcións, sitas no lugar de A Brea, número 13-A, e compostas de edificación principal de planta baixa con uso de residencial, edificación de planta baixa adicada a garaxe, e outras dúas pequenas edificacións con uso de almacén.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador dos seguintes procedementos selectivos: para a contratación dunha/dun ordenanza para a realización da obra "Atención ás persoas usuarias dos locais sociais"; para a contratación de 2 auxiliares administrativas/os para a realización da obra "Apoio administrativo aos Servizos Sociais municipais"; para a contratación dunha/dun cociñeira/o para a realización da obra "Servizo de Oficial Cociñeira/o no

Código Seguro de verificación:eVgUoeFKCiXDTM+8/xWlug==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 02/12/2013 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | eVgUoeFKCiXDTM+8/xWlug== | PÁGINA 2/3 |



eVgUoeFKCiXDTM+8/xWlug==

Fogar do Transeúnte (Muller)” e para a contratación dunha/dun auxiliar administrativa/o para a realización da obra “Apoio e integración aos Servizos Sociais (Muller)”.

Acórdase o resultado da investigación levada a cabo como consecuencia do acordado pola Xunta de Goberno Local o día 14 de xuño de 2013 e decisión para adoptar se procede.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da realización do programa de hortas na escola nos CEIPS e nas escolas infantís municipais e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acórdase a prórroga e revisión de prezos para o período máximo dun ano, contado dende o 22 de outubro de 2013 ata o 21 de outubro de 2014, do contrato administrativo correspondente á execución do programa de intervención e pedagóxico “Aprende xogando”. subscrito con este concello.


Acórdase o procedemento de licitación para a autorización do uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedeiros nos edificios e instalacións municipais.

6. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para construír unha vivenda unifamiliar na parcela 47, polígono 420, Corneda-Pedreda.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:eVgUoeFKCiXDTM+8/xWlug==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|------------|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 02/12/2013 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | eVgUoeFKCiXDTM+8/xWlug== | PÁGINA 3/3 |



eVgUoeFKCiXDTM+8/xWlug==